

MANIFIESTO DA XUNTA DE GOBERNO DO COLEXIO DE ARQUITECTOS DE GALICIA DÍA MUNDIAL DA ARQUITECTURA, 7 outubro 2013

ARQUITECTURA E ARQUITECTOS

A sociedade necesita da arquitectura, a arquitectura necesita aos arquitectos, daquela os arquitectos son necesarios para a sociedade. É imprescindible enunciar este elemental razoamento lóxico nun tempo no que o noso colectivo profesional está gravemente ameazado.

A arquitectura é entendida, desde hai máis dun século, como calquera modificación do medio para satisfacer necesidades humanas. A arquitectura é imprescindible por cuestións utilitarias, culturais e ambientais. Nunca existiu civilización sen arquitectura. A necesidade social da arquitectura é, por tanto, a premisa inicial.

A arquitectura é unha arte colectiva. No complexo armazón de participación cooperativa para construír unha obra arquitectónica, o arquitecto desempeña un papel principal. A participación do arquitecto é unha condición necesaria, pero non suficiente, na creación da obra arquitectónica. A importancia da súa actuación na obra coral reside nos seus coñecementos. O arquitecto é quen imaxina o espazo e dirixe o proceso de construción. Posúe os coñecementos e as capacidades necesarias para responder a un problema complexo. Coñece as transformacións históricas do territorio e da cidade, posúe a formación cultural para comprender a súa propia contemporaneidade, domina a capacidade de ideación construtiva, proxectual e estrutural, manexa as ferramentas de representación, prevé os efectos espaciais e significativos. Todo iso é específico na formación dos arquitectos. A imprescindible participación do arquitecto na obra arquitectónica é a segunda premisa.

A conclusión que se infire é a necesidade social dos arquitectos. Situar a nosa participación nos procesos de proxecto e construción en competencia económica con outros profesionais, cuxa formación é exclusivamente técnica e que carecen dos nosos coñecementos e as nosas capacidades exclusivas, nega o evidente, infrinxe un dano grave á nosa profesión e, o que é máis grave, priva á sociedade, a toda a sociedade, da cultura, da calidade e da seguridade que precisa o noso hábitat.